

## A pesca e a literatura galega

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Dicir que a literatura galega sempre estivo vencellada ao mar resulta un tópico. Sen embargo, está ben reiterado e repetido, que esa relación responde, sen dúbida, ao feito esencial de que a definición de Galiza tivo e ten como referencia o mar. Veláí se non os mitos que nos sitúan e nos dan o ser, dende a fundación recollida no *Leabhar Ghabhala* ata a lenda xacobeá.

Agora ben, o vencello principal do home co mar, amais da actitude contemplativa e a vocación de descuberta, é a vital procura do sustento, o labor extractivo, a pesca. Galiza, como Portugal, é unha comunidade abocada ao mar dende a orixe, non entendendo o mar tan só coma un destino, senón como alimento e vida. Esta relación nuclear e primixenia é recollida polo cancionero popular. En todos os lugares da nosa xeografía, cando un grupo de parentes ou de amigos se anima a cantar, xorden sempre as mesmas cantigas: *Catro vellos mariñeiros*, a *Rianxeira* e quizais o *Rodaballo*. Tamén o refraneiro é sensible a esta relación, de xeito que, e só como exemplo, todas as mozas saben que de ter que casar é mellor facelo cun mariñeiro, “que vén lavado do mar”.

Sen embargo, malia a atención que a literatura popular dispensa ao mundo mariñeiro e tamén a intensa relación da nosa literatura co mar, a pesca, o esforzo do traballo diario, tanto na baixura como nas grandes mareas e costeiras protagonizadas por barcos e navegantes galegos, a incerteza da espera, a transformación técnica e os conflitos sociais, non atoparon na literatura un tratamento que estivese á altura de tanta singularidade.

A poesía, e en menor medida o teatro, son quen máis se teñen referido a ese universo no que caben todos os elementos e todas as circunstancias da vida. Do Rexurdimento a escritoras e escritores contemporáneos, incluíndo autores do interior como Blanco Amor ou Cunqueiro, os poetas volveron a ollada ao universo da pesca. Predominou a visión dramática e de risco da actividade, reservando para a muller un papel sempre pasivo, só superado por algunhas das voces femininas da poesía actual. Tanto pola cantidade como pola intensidade, quizais é Bernardino Graña o grande poeta dos mariñeiros galegos. *Mourenza* de Cotarelo Valledor, *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste ou o *Auto do mariñeiro* de Manuel María, serían exemplos de textos teatrais protagonizados polas xentes dos nosos portos.

Se cadra a razón da escasa relación da narrativa galega con esta parte de nós, que sen embargo ofrece tantos elementos narrativos, habería que buscala na propia historia da nosa literatura, na que a novela ten un

desenvolvemento serodio, prestando máis atención dende sempre á relación do home coa terra. “Mariñeira de Quilmas” é un fermoso relato de Darío Xohán Cabana, protagonizado en tempos ben dramáticos, por unha muller. *Saudade* de Jaime Quintanilla, *O Patrón* de Riveiro Loureiro ou *Riosil* de Valentín Carrera, viñan sendo os exemplos de construír unha narrativa a partir dos elementos míticos do mundo da pesca, aos que habería que engadir as achegas de Marilar Aleixandre, Xesús Franco, Xavier Queipo, Francisco Vidal, Xavier Seoane ou Xurxo Souto, os *Relatos mariñeiros* de Neira Vilas, e *Mar de bronce*, a última novela de Vázquez Pintor, protagonizada por Anxo Gorospe, quizais o primeiro grande personaxe mariñeiro creado pola narrativa galega.

E é que a ausencia de personaxes vén sendo unha das nosas grandes carencias literarias. Non temos na memoria ningún personaxe que nos permita identificar esa particular relación do home co mar. Si sabía Ignacio Aldecoa do carácter do mariñeiro galego, definíndoo nesa grande novela da pesca que é *Gran Sol*: “O mariñeiro galego é un bo mariñeiro sempre. O mariñeiro galego sábese o oficio dende grumete”. Presumen os portugueses de que o arquetipo literario da pesca artesanal universal é un portugués, Manuel, protagonista da novela *Capitáns intrépidos*, da que non é autor ningún escritor portugués, senón Rudyard Kipling. Neste contexto habería que incluír a proposta de Carlos Reigosa e Carlos Casares de que a grande novela galega da pesca é *O vello e o mar* de Ernest Hemingway. Acaso a dificultade da nosa literatura, e tamén da portuguesa, para crear unha grande saga narrativa referida á pesca, aos periplos dos mariñeiros que seguiron e seguen as grandes rutas de todos os mares, aos homes que coñecen das tempestades e dos naufraxios sen salvación, do activo papel da muller, dos sacrificios e heroísmos, dos problemas da convivencia a bordo, da grande mentira da economía global, estea en que esta foi unha parte demasiado viva de nós mesmos. Se cadra, agora que a pesca galega e tamén a portuguesa semellan en perigo, traizoadas polas administracións, condenadas a sucesivas reconversións, será o momento de escribir sobre o que perdemos, xa que esa parece ser a nosa condena. En calquera caso, as galegas e galegos do mar veñen de demostrar, unha vez máis, nos escuros días do Prestige, cal é o seu carácter, cal o seu compromiso co mar, cal o seu valor e a súa coraxe, a condición de seres dignos da mellor literatura, unha literatura nova nun país de nunca máis.